

**M. AMBIENTE**

Melloras no espazo dunar da Praia Grande **Páx. 6**

**OBRAS**

A área deportiva da Galea contará cun Pump track **Páx. 8**

**M. AMBIENTE**

Sendeiro Azul para dúas rutas do municipio **Páx. 10**

**ENTREVISTA**

Yolanda e Cristina, da Sociedade Cabalar Miñense **Páx. 23**

# A oferta educativa de 0 a 3 anos subirá ata as 129 prazas

O crecemento poboacional que está a experimentar Miño trae consigo a necesidade de ampliar os servizos que se ofrecen, entre eles os

do ámbito educativo. Neste sentido, había un déficit de prazas de 0-3 anos, con máis demanda que oferta. Ante esa situación o Concello

propúxose incrementar prazas. Por unha banda, xa logrou ampliar e reformar a Escola Infantil municipal A Ceboliña e, pola outra, ten en marcha un

proxecto para crear unha nova escola infantil en Xarío. Agora son 76 as prazas ofertadas e, coa construción da nova escola serán 129. **Páx. 14**



Fachada da escola infantil A Ceboliña

## Miño, o municipio máis puxante da área metropolitana coruñesa

Segundo o INE, Miño pasou de 6.624 a 6.763 persoas censadas. Un aumento do 2,1 % que o sitúan á cabeza, en canto a crecemento poboacional, por enriba de municipios como Arteixo (1,65 %), Oleiros (1,5 %) ou Sada (1,5 %). **Páx. 2**

## O campo de Gallamonde viviu a súa xornada máis solidaria

A disputa dun amistoso entre a AD Miño e a Selección Galega UEFA serviu para recadar 3.325 euros, entre entradas e rifas, para a rehabilitación da casa de Sombreu afectada por un incendio no ano 2022. **Páx. 22**

# Unha vila en auxe: Miño é o municipio que máis medra en poboación da área da Coruña

Segundo os últimos datos do INE, a 1 de xaneiro de 2023, o censo pasou de 6.624 a 6.763 persoas

**A** imaxe de Miño está a mudar a pasos axigantados. De ser a icona dos efectos do estourido da burbulla inmobiliaria a comezos dos anos 2000, con edificacións a medio construír e sendo principalmente unha vila de segunda residencia no verán, ao que é agora: o municipio que máis medra en poboación da área metropolitana da Coruña, no que xa apenas poden atoparse eses esqueletos de edificios sen rematar e no que o Concello tramita unha longa lista de licenzas, tanto para construír novas vivendas como para completar as inacabadas.

Este novo modelo de vila reflíctese nos datos. Segundo o último informe do Instituto Nacional de Estadística (INE), con cifras a 1 de xaneiro de 2023, Miño pasou de 6.624 a 6.763



Costa Miño

persoas censadas. Un aumento do 2,1 % que o sitúan á cabeza, en canto a crecemento poboacional relativo, por enriba de municipios como Arteixo (1,65 %), Oleiros (1,5 %) e Sada (1,5 %).

Para Faraldo “Miño é agora un lugar atractivo para vivir, no que cada vez se asentan máis familias”, algo que explica “pola nosa situación privilexiada, con excelentes comunicacións, a cantidade

de servizos que ofrecemos, educativos, sociais, deportivos, culturais... e polo noso modelo de vila sostible, conectada dun xeito peonil a través dunha rede de sendas”.

## Un orzamento de 8,2 millóns de euros, a folla de ruta para 2024



Fachada da casa consistorial

O goberno local presentou en pleno a súa proposta de orzamento municipal para o ano 2024. A cifra final deste exercicio ascende a 8,2 millóns de euros.

Por primeira vez desde hai moitos anos o Concello pode elaborar un orzamento con previsión, sen estar suxeito á incertidume xerada pola elevada débeda económica que teñen que soportar as arcas municipais. Agora, grazas ao cambio das condicións do préstamo do Estado conseguido pola

administración local, é posible elaborar con antelación unhas contas niveladas.

No documento especifícanse os fondos que irán destinados a amortizar esa débeda (484.509 euros) e tamén os dos investimentos (392.279 euros). De todos os xeitos esta última partida medrará considerablemente ao longo do ano grazas ás xestións realizadas con outras administracións que permitirán beneficiarse de programas de diferentes subvencións.



# Novo balón de osíxeno coa ampliación ata o ano 2050 do prazo de pago da débeda

**O Concello chegou a un acordo con Facenda que se traduce nunha menor carga anual para as arcas municipais**

**N**ova data límite para o pago da débeda municipal co Estado. O Concello chegou a un acordo co Ministerio de Facenda para ampliar ata o ano 2050 o prazo de pago da cantidade que se adebeda, que a día de hoxe é de 19 millóns de euros, o que se traduce directamente nunha menor carga anual para as arcas municipais.

Manuel Vázquez Faraldo, e o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco Lobeiras, informaron sobre os detalles do acordo, que supón a modificación da operación formalizada no ano 2021, a través do Instituto de Crédito Oficial (ICO), que permitira ampliar o prazo ata o ano 2050.

## Mellores condicións

O Concello segue a ter a mesma débeda pero agora con condicións máis favorables,

grazas ás xestións levadas a cabo polo goberno local para conseguir un mellor plan de pagos.


O acordo permite, ademais de ampliar o prazo de pago da débeda ata o ano 2050, aliviar significativamente a situación económica de Miño ao reducirse as cotas de amortización anuais. A do ano 2023 reduciuse ao 50 %: de 0,9 millóns de euros pasou a 0,5 millóns de euros. Este ano, en decembro de 2024, a cota redúcese a 0,4 millóns de euros e, a partir de aí, producirase un incremento anual do 5% sobre esta cantidade ata completar o total de 19 millóns de euros o 31 de decembro de 2050.

"Este é un acordo cunhas condicións moi vantaxosas para o Concello", explica Faraldo, que aclara que "a elevada débeda xerada no seu momento polo irresponsable proceso de Fadesa segue aí pero así conseguimos relaxar o impacto que esta supón e permitenos ter un balón de osíxeno para afrontar os retos que Miño ten por diante", explica Faraldo.



Presentación do acordo co delegado e a subdelegada do Goberno

## EVOLUCIÓN DO PLAN DE PAGOS DA DÉBIDA CO MINISTERIO DE FACENDA



## O reforzo dos Servizos Sociais e o financiamento de gasto corrente, obxectivos para os que se destinou o Plan Único

A Deputación da Coruña asignou 391.488,22 euros ao Concello de Miño dentro do Plan Único provincial. O goberno local decidiu usar eses fondos para o reforzo dos Servizos Sociais municipais e para sufragar gasto corrente.

Por unha banda, destínanse 54.265,69 euros para melloras no departamento de Benestar Social: ampliar o persoal administrativo e técnico, axilizando así a atención aos usuarios e usuarias deste servizo, execución doutras medidas de carácter

extraordinario, adquisición de equipamento técnico asistencial para cedelo a persoas que o necesiten e non poidan acceder a el e para adquirir material para o desenvolvemento dos diferentes programas. Pola outra, os 337.222,53 euros restantes servirán para financiar gasto corrente (facturas de subministracións e servizos).

Ademais, tamén se aprobou o Plan Complementario, no que se incluíu a reforma da Praza da Fonte por importe de 158.000 euros.



# Miño apostando pola formación co obradoiro Ártabro Emprende IV

Estase a formar a 20 persoas nos módulos de 'Instalación e mantemento de zonas verdes' e de 'Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes'.

O Concello de Miño continúa sendo un referente na comarca en materia de formación. Dende finais de novembro, 20 persoas están a formarse en 'Instalación e mantemento de zonas verdes' e de 'Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes' no obradoiro de emprego 'Ártabro Emprende IV', desenvolvido en colaboración cos concellos de Pontedeume e Cabanas. O alumnado, ademais de formarse, realiza actuacións nos concellos nos que se desenvolve a iniciativa.



Presentación do obradoiro de emprego Ártabro Emprende IV

## Éxito de inscricións no curso de monitor de tempo libre impartido na Casa do Pescador




Inauguración do curso de monitor de tempo libre polo alcalde, Manuel Vázquez Faraldo

A aula de formación da Casa do Pescador acolleu durante os meses de novembro

a marzo o curso de monitor de tempo libre promovido polo Concello. Esta segunda

edición foi un éxito de participación, con 17 persoas que remataron a súa formación.

## O coworking da Casa do Pescador, a disposición



Espazo coworking

Dende este mes de marzo pódense reservar os espazos de traballo da Casa do Pescador. Esta iniciativa, pensada para emprendedores e pequenas empresas, busca impulsar as súas actividades, ofrecéndolles o espazo e os equipos necesarios para levar a súa idea de negocio ao seguinte paso. Tamén se poden reservar para usos puntuais.

## O curso de socorrismo logra 12 inscricións



Inauguración do curso

Despois de 17 anos, os cursos de socorrismo regresaron ao Concello de Miño. Durante os meses de marzo e abril, as 12 persoas anotadas formaranse nas instalacións e espazos acuáticos naturais no Concello de Miño para garantir a seguridade dos e das bañistas durante a temporada de verán.



# O Concello renova por completo os camiños entre Pazo de San Paio e a DP-4801, na parroquia de Bañobre

O Concello de Miño acometeu estes traballos para reparar un firme que presentaba un estado deteriorado polo uso durante anos polos veciños da zona.

O núcleo de Bañobre foi un dos últimos lugares onde se desenvolveu o plan do goberno local para a mellora da rede viaria municipal. Concretamente, actuouse nos camiños que conectan o núcleo de Pazo de San Paio coa estrada DP-4801. As obras consistiron na repavimentación do firme, que se atopaba moi deteriorado polo uso durante anos. Ademais, tamén se executaron traballos de limpeza nas

marxes das vías, renovouse por completo a sinalización horizontal e mellorouse a drenaxe para evitar que a auga cruce pola calzada en momentos de moita choiva.



A obra tivo un orzamento de 45.350 euros



Vía xa renovada

## Máis seguridade para os peóns en San Xoán de Vilanova

As obras das beirarrúas en San Xoán de Vilanova están xa na súa fase final. Esta obra, executada pola Deputación da Coruña, supera os 700.000 euros de orzamento e afecta ao tramo que vai dende o apeadoiro ata Andel, na estrada que vai dende Perbes ata Campolongo.

O obxectivo destes traballos, que consisten esencialmente na renovación das beirarrúas e das instalacións de saneamento, abastecemento e recollida de augas, é a mellora da seguridade peonil nunha zona altamente transitada tanto por peóns como por vehículos.



Nunha das marxes xa remataron os traballos



Obras en execución



# Avanzan a bo ritmo as obras de rexeneración do espazo dunar da Praia Grande

**O obxectivo é acadar a recuperación deste ecosistema nun dos principais puntos turísticos de Miño**

**E**stán en marcha os traballos para a recuperación do espazo dunar da Praia Grande de Miño, unha actuación financiada polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (MITECO) e que ten un orzamento que supera os 1,7 millóns de euros.

Estes traballos teñen varios obxectivos: a recuperación da marisma no terreo do antigo campo de fútbol; a substitución da pasarela de madeira por unha a ras de chan e feita dun material acorde co espazo; a instalación dun novo

itinerario accesible ata o posto de socorrismo e a eliminación de plantas invasoras.

A dita eliminación de exemplares invasores incluíu

soamente a corta de árbores na zona dunar, debido a que son prexudiciais para o ecosistema; mentres que no paseo só se eliminarán as

especies invasoras e aqueles exemplares enfermos ou que supoñan un risco para os viandantes dunha das zonas máis atractivas de Miño.



Transcurso das obras

## Mantemento de vías

### PERBES



Currás - Arbosa

Nigrofe-Muiños - Chancas



Sambollo-Dous Ríos-Cobo

### MIÑO



Rúa Hermo - Robaleira



Rúa Condomiñas

## A renovación das luminarias tradúcese nun maior aforro

O proxecto de renovación de toda a iluminación pública do municipio, no que se investiron 2,5 millóns de euros financiados a través do IDAE, está a traducirse xa nun maior aforro, tanto económico como enerxético.

Así, a auditoría realizada pola empresa encargada da execución do proxecto,

reflicte que, durante o ano 2023, diminuíu considerablemente o gasto económico e houbo un menor consumo. Por unha banda, anualmente pasouse de gastar 240.000 euros aos 189.000 euros actuais. Pola outra, o consumo diminuíu en 1.976.713 kilowattios por hora con respecto a 2022.

### EFICIENCIA ENERXÉTICA CONSEGUIDA



	CONSUMO	GASTO
ANTES	2,8 millóns kWh	240.598 €
AGORA	863.671 kWh	189.992 €



# Renovación da rede xeral de abastecemento

**A Deputación e o Concello investiron 200.000 euros para substituír un tramo desta infraestrutura**

**S**olucionadas as avarías puntuais e as interrupcións na subministración de auga, especialmente no verán, cando a demanda aumenta co incremento de poboación e turismo. A Deputación da Coruña e o Concello destinaron, a través dun convenio, un orzamento de 200.000 euros para renovar un tramo da rede xeral de abastecemento que tiña 40 anos de antigüidade.

Esta actuación realizou-se no núcleo de Outeiro, en Sombreu, e os traballos consistiron na renovación da vella rede de tubos de fibrocemento e aproveitábase tamén para acometer a renovación do pavimento das rúas do núcleo.



Asfaltado do firme despois de rematar os traballos de renovación da rede de abastecemento

## O alcalde solicita a Portos de Galicia a reforma da dársena



Acumulación de sedimentos

Manuel Vázquez Faraldo, e a concelleira Emma González, reuníronse con Portos de Galicia para que estude a necesidade de realizar unha reforma estrutural do porto de Miño para poñer fin ao problema de acumulación de sedimentos que afecta ás embarcacións atracadas.



Reunión en Portos

## A Praza da Fonte será un espazo máis amable



Estado actual

O Concello dedicará máis de 158.000 euros á reforma da Praza da Fonte. O proxecto inclúe a ordenación dos usos do espazo, o acondicionamento do tramo do Camiño

de Santiago e a reparación da pista polideportiva, as bancadas e a renovación do pavimento. O obxectivo é resolver as carencias que presenta este espazo.



# Miño escoita o colectivo ciclista e crea un circuío pump-track na zona deportiva da Galea

O investimento nesta infraestrutura ronda os 100.000 euros, financiados entre o Concello e a Xunta.

**E**no febreiro comezaron as obras do futuro circuío de pump-track na área deportiva da Galea. O proxecto, financiado ao 50 % con fondos municipais e a través dunha subvención da Xunta de Galicia, responde a unha demanda de ciclistas de todas as idades do municipio e representa un investimento que se aproxima aos 100.000 euros.

Esta infraestrutura consiste nun circuío no que se pode transitar por inercia, formado por curvas



Transcurso das obras

estreitas e baches de diferentes alturas. Nel poderán divertirse as persoas afeccionadas non só do ciclismo, senón tamén dos deportes de táboa coma o skate ou a

*As instalacións poderán ser desfrutadas non só por ciclistas, xa que tamén están pensadas para amantes do skate ou da patinaxe*

patinaxe. Ademais, pegado ao circuío proxectouse un aparcabiscis, bancos e papeleiras, facendo o espazo máis accesible para os deportistas.

## O núcleo de Sambollo conta xa cun novo parque infantil



O espazo conta con xogos para todas as idades

Pequenas e pequenos de Sambollo desfrutan dende decembro das instalacións do novo parque infantil creado polo Concello. Este proxecto, que contou cun orzamento de case 44.000

euros, responde ás necesidades dunha poboación en crecemento, que precisa de servizos básicos como pode ser esta zona que conta con tobogán, columpios e demais xogos.

## O Concello creará unha área de autocaravanas na Galea

O goberno local está traballando para dotar o municipio dunha nova área de autocaravanas. Escolleuse o aparcadoiro público da Galea pola súa boa situación, preto do centro pero sen estar en pleno núcleo, e pola existencia dunha explanada que se emprega xa para estacionar os vehículos.

Para o seu bo desenvolvemento, Manuel Vázquez Faraldo reuniuse con representantes da Asociación Galega de Autocaravanas. No encontro amosoulles o proxecto, que recibiron de bo grado. "Para consolidar a Miño como referente turístico, esta infraestrutura é imprescindible", declarou.



Aparcadoiro da Galea



# O Concello denuncia na Garda Civil os danos causados na Fraga dos Muíños do río Xarío

Unha corta sen autorización provocou danos nunha contorna natural que se está a poñer en valor

Unha imperdoable falta de respecto polo patrimonio natural e un grave incumprimento das normas. Así é como se pode definir a actuación da empresa madeireira que, sen ningún tipo de autorización, levou a cabo unha corta na contorna da senda da Fraga dos Muíños do río Xarío, á altura do cruzamento co Camiño Inglés, un itinerario que foi distinguido co distintivo de Sendeiro Azul polo seu alto valor ambiental.

Desde o primeiro momento o Concello iniciou os trámites para atopar os responsables desta desfeita e esixir-lles a reparación dos danos causados, chegando a presentar unha denuncia ante o



Desperfectos preto da senda



O movemento de vehículos deteriorou a contorna

SEPRONA da Garda Civil por delito medioambiental.

“É intolerable a falta de civismo que amosa a empresa, nunha contorna tan sensible como é a Fraga do Xarío, merecedora do distintivo de Senda Azul da ADEAC, que

recoñece precisamente a recuperación e posta en valor de carreiros e itinerarios que foron transformados en valiosos recursos para a interpretación e educación ambiental, así como para o gozo da natureza a través

da realización de diferentes actividades recreativas, deportivas e turísticas sustentables. É dicir, xusto o que non se respectou en ningún momento nesta corta incontrolada”, explica Manuel Vázquez Faraldo.

## Máis verde en Gallamonde coa plantación de 140 árbores

A colaboración coa organización WWF permitiu realizar unha proveitosa xornada de plantación en Gallamonde,

na zona de monte preto do campo de fútbol, co fin de repoboar ese espazo con especies autóctonas. En total

plantáronse unhas 140 árbores de cinco especies diferentes, grazas á axuda de 55 persoas voluntarias e da

empresa organizadora. Entre os exemplares había faias, nogueiras, castiñeiros, carballos e bidueiros.



Zona repoboada en Gallamonde



# A Senda dos Sentidos e a da Fraga do Río Xarío, entre o mellor de Galicia

**A Asociación de  
Educación Ambiental  
y del Consumidor  
deulle o distintivo  
Sendeiro Azul**

**M**añá incorpórase á rede de Sendeiros Azuis, a través do cal a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC) sinala os camiños e itinerarios españois de referencia en materia de conservación e disfrute da natureza, coa Senda dos Sentidos e a Fraga dos Muíños do río Xarío.

Estes dous itinerarios naturais do municipio súmanse así á lista dos 49 mellores sendeiros de Galicia, repartidos entre 27 concellos e que, en total, suman 319 quilómetros de trazado. Esta clasificación ten en conta o gran valor ambiental destas

rutas, que exercen de axentes do cambio social, por ser unha ferramenta máis para a sensibilización ambiental. Ademais, tamén se pon en valor a conservación da contorna, á vez que son o escenario de actividades recreativas, deportivas, turísticas e de lecer.

## Alto valor natural

Por unha banda, a Senda dos Sentidos ten algo máis de un quilómetro de lonxitude e comunica o paseo da praia da Ribeira co paseo da Alameda de Ponte do Porco. Foi chamada deste xeito porque ao percorrela actívanse todos os sentidos: a vista, coas súas panorámicas sobre a ría de Betanzos; o oído, co canto dos diferentes tipos de aves; e o olfacto, cos aromas da súa vexetación, mesturados co salitre do mar.



## Senda dos Sentidos



## Senda da Fraga do Río Xarío

A Fraga dos Muíños do río Xarío conecta, a través da canle fluvial, a urbanización Costa Miño coa Praia Grande. A zona conta con diversas

especies vexetais e animais e tamén se poden descubrir os restos do Muíño dos de Ginés e sete muíños do século XVII.

## Miño, un municipio para percorrer a pé a través das súas sendas

'Moito que camiñar'. Este é o nome do novo folleto turístico no que se recollen cinco rutas de sendeirismo que permiten percorrer a pé o municipio, desfrutando das paisaxes,

coñecendo o patrimonio e unindo núcleos. Esta guía pode adquirirse, xunto con outro material de utilidade e de xeito gratuíto, na oficina de Turismo e nela atoparás

as indicacións para percorrer:  
Litoral da Biodiversidade,  
Beiras do Río Lembre e  
Muíños do Río Medio, Dunas  
e Marismas do Baxoi, Ribeiras  
do Xarío e Baxoi unidas polo

Camiño Inglés e Litoral das  
Cinco Praias.

A entrada da Senda das Marismas do Baxoi acolleu a presentación institucional deste folleto turístico



### Presentación do folleto



### Mapa coas cinco rutas



# A Concellería de Turismo continúa organizando viaxes: Mondoñedo, Valença ou Pontevedra

Estas actividades ofrecen aos maiores de 55 anos a posibilidade de coñecer toda Galicia.

A Concellería de Turismo de Miño continúa organizando diferentes viaxes para persoas maiores de 55 anos empadroadas no Concello.

Recentemente realizáronse viaxes a lugares como Mondoñedo, Viveiro e Valença do Miño. Este tipo de actividades son moi demandadas pola veciñanza e sempre son un éxito de participación, xa que brindan a oportunidade a moita xente de poder coñecer diferentes puntos da xeografía galega e mesmo do norte de Portugal.

A próxima viaxe programada será o 24 de abril e visitarase a cidade de Pontevedra e os petróglifos de Mogor, no Concello de Marín. O prazo para reservar praza



'Visit Valença'

nesta actividade ábrese o 9 de abril e permanecerá aberto, sempre que haxa prazas, ata o día 18 do mesmo mes. A saída será ás 8:30 horas da rúa do Mercado e o prezo do bus é de oito euros, e unha comida opcional por 18 euros.



Viveiro

## As sendas azuis, presentes na feira Fitur de Madrid

O Concello de Miño estivo presente, un ano máis, na Feira Internacional de Turismo (Fitur) de Madrid. Alí promocionou as súas sendas azuis. A Senda dos Sentidos e a Senda da Fraga do Xarío foron recoñecidas co distintivo azul por parte da Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor, que recoñecen os mellores de Galicia.



## Miño reforza os servizos de Turismo e Deportes coa suma de dous novos técnicos

O pleno municipal aprobou a cuarta modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT), o que posibilitou a creación de dous novos postos no organigrama do Concello: técnico/a de turismo e técnico/a de deportes.

O obxectivo que persegue o goberno local con esta modificación é o de mellorar o servizo que se ofrece dende estas áreas, dous eixos fundamentais da acción deste goberno.

O novo posto de técnico/a de deportes permitiu deixar de compartir o técnico co Concello de Vilarmarior,

mellorando substancialmente o servizo ofrecido á cidadanía.

No caso do posto de turismo, terá un período de actividade de 6 meses. O Concello conta cunha Oficina de Turismo aberta todo o ano e dotada dun auxiliar administrativo pero, aínda que este servizo se reforzaba puntualmente con persoal subvencionado pola Deputación da Coruña ou a Xunta de Galicia, coa incorporación deste posto preténdese dotar de persoal estrutural cualificado no eido turístico, para consolidar Miño como referente.



# O Entroido encheu de trou

Miño festexou o Entroido con numerosas actividades tanto no núcleo urbano como nas parroquias, sendo os disfraces e a gastronomía os principais atractivos

**L**edicia, maxia, doces e sobre todo, moita troula, volveron ser os ingredientes do entroido miñense, que un ano máis volveu encher todo o termo municipal con diferentes actividades para celebrar estes populares festexos.

A carpa das Pistas de Rabazal encheuse de público ao longo das dúas xornadas da fin de semana de Entroido grazas á gran festa de disfraces, ao gran baile infantil e ao circo de carnaval programados no lugar. A xornada de sábado contou cunha verbena nocturna da man do grupo Origen e un concurso de disfraces no que se repartiron premios por un valor superior a 1.200 euros nas dúas modalidades do



certame, a categoría A que abarcaba dende unha ata tres persoas, e a categoría B, para grupos de catro ou máis participantes. Entre as propostas presentadas seguiron triunfando clásicos como os disfraces de

superheroes e pesonaxes de ficción, aínda que tamén destacaron outras apostas máis centradas en figuras e eventos de actualidade.

Pola súa parte, a xornada dominical consistiu nun evento carnavalesco cun

gran baile e unha feira infantil de entroido na que non faltaron os xogos de circo, a música e a animación. Ademais, ao longo dos dous días as persoas asistentes puideron gozar de servizo de bar, así como de foodtruck.





# la e cor todo o municipio



## ENTROIDO





# Mellorando a oferta educativa: Miño contará con 129 prazas para nenos de 0 a 3 anos

**Á ampliación da Escola Infantil municipal 'A Ceboliña' sumárase un novo centro en Xarío**

O incremento da poboación que está a vivir Miño nos últimos anos tivo como consecuencia o aumento da demanda de prazas en educación infantil.

Como resposta a esa necesidade, o goberno local centrou, nun primeiro momento, as actuacións na Escola Infantil municipal A Ceboliña. O Concello, en colaboración coa Xunta de Galicia, investiu 105.000 euros para a reforma do edificio. Os traballos levados a cabo, que consistiron

na recuperación da aula de usos múltiples así como a construción de novos espazos, permitiron incrementar en 20 o número de prazas, alcanzando as 76 para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Agora mesmo hai: unha aula de 0 a 1 anos (de 8 prazas), unha de 1 a 2 anos (de 13 prazas), dúas de 2 a 3 anos (de 20 prazas cada unha) e unha mixta de 1 a 3 anos (de 15 prazas).

Agora o seguinte paso será a construción dunha nova escola infantil, que estará situada na antiga escola unitaria de Xarío. Este proxecto permitirá incrementar novamente as prazas dispoñibles para nenas e nenos de 0 a 3 anos, que pasarán das 76 actuais ata as 129.



Aula de usos múltiples



Un dos espazos reformados



Espazo rehabilitado

## A Anpa alerta a Xunta da masificación nas aulas

Desde a Anpa e o Concello advertiuse en varias ocasións á Xunta de Galicia, sen obter resposta, da necesidade de tomar medidas ante o crecemento da poboación, que ten como consecuencia o aumento de matrículas.



## O colexio, a ANPA e o Concello, unidos para fomentar a educación emocional e a comunicación nas aulas

Neste curso 2023-2024 o Concello e a comunidade escolar aliáronse para poñer en marcha o proxecto 'Convivencia e Benestar', unha actuación que se desenvolveu no primeiro trimestre e que estivo enfocada nos cursos de terceiro, cuarto, quinto e sexto de primaria.

O obxectivo deste

programa é fomentar a educación emocional e a comunicación nas aulas, ademais de aportar ao alumnado unha contorna segura no que poder falar, expresarse con tranquilidade e, ademais, sentirse valorado e comprendido. Todo isto cunha meta final: mellorar a convivencia e promover a inclusión.



Reunión entre a concelleira de Educación e a comunidade educativa



# O Concello ratifica o seu compromiso contra a violencia de xénero coa adhesión a Viogen

O sistema Viogen ten por finalidade ofrecer protección a mulleres que sexan ou foran vítimas de violencia de xénero

**A** loita contra a violencia machista segue a ser unha das grandes liñas de actuación do goberno local, motivo polo cal o Concello se adheriu ao sistema Viogen co que se ofrece protección ás mulleres vítimas desta lacra social.

A incorporación a este protocolo permitirá que a Policía Local actúe no seguimento dos casos activos de violencia machista no municipio e obter máis fondos do Pacto de Estado para deste xeito poder levar a cabo actividades de prevención e sensibilización en materia de violencia machista.



Momento da sinatura do protocolo de adhesión ao sistema Viogen

## Obradoiro de solo pelviano polo Día da Muller



Participantes durante a sesión

Dentro dos actos do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, o Concello organizou un obradoiro de solo pelviano. A sesión estivo impartida pola fisioterapeuta especializada Vanessa Pazos no pavillón.

## Cheo total de familias na segunda edición do obradoiro de batch cooking



Participantes na formación elaborando receitas

A veciñanza de Miño está tendo a ocasión de participar na segunda edición da actividade de batch cooking, unha tendencia culinaria que implica planificar

o menú semanal e dedicarlle un día para preparar as elaboracións, ou polo menos gran parte destas, para deste xeito organizar unha alimentación saudable

durante toda a semana.

A formación está dirixida ás familias, ofrecendo sesións culinarias para os maiores e un curso de autonomía para os nenos e nenas.



# Consulta popular para a mellora do transporte público municipal

O obxectivo é lograr ter un servizo máis útil e eficiente, así como ampliar as liñas actuais e engadir máis frecuencias

O Concello iniciou un plan e mellora do servizo de transporte público municipal co obxectivo de facelo máis útil e eficiente. O primeiro paso consistiu na análise da situación actual e coñecer as demandas da veciñanza miñense, para o que se lanzou unha enquisa.

Actualmente, o bus municipal conecta os distintos núcleos co centro de saúde, pero o obxectivo do goberno local é ampliar as liñas e as frecuencias. A través do cuestionario, o Concello quere ter información sobre diferentes aspectos do servizo.



Parada do transporte público

## Miño reciclou 12 toneladas de téxtiles en 2023



Contedor de téxtiles

Miño continúa coa súa aposta decidida pola reciclaxe de residuos téxtiles. No 2023 recolléronse 12 toneladas de roupa e demais produtos. Estes datos, emitidos pola Iniciativa Social Emprendedora de Reciclaxe Textil de Galicia (INSERTEGA) reflicten que os dez contedores evitaron que se xerasen 37,81 toneladas de CO2.

## O Concello traballa no control das colonias felinas co convenio con Xuntos As Mariñas



Comedeiros para as colonias felinas

Estase a conseguir controlar as colonias de gatos de rúa grazas ao acordo asinado no 2021 coa Asociación Xuntos As Mariñas. Dende a súa posta en marcha, este servizo logrou esterilizar a

preto dun cento de felinos, así como controlar a poboación felina de Miño que non ten donos.

O obxectivo que ten este acordo é diagnosticar e controlar, dunha forma lóxica e

ordenada, a proliferación de gatos de rúa no municipio. Isto logrouse grazas ao método CES: captura, esterilización e solta. Ademais das esterilizacións, contaron 143 gatos sen fogar en Miño.

## Seaga comeza a xestionar a biomasa de Miño



Corta de madeira

O Concello adheriuse este ano ao convenio subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga para a prevención e defensa contra os incendios forestais. O obxectivo é facilitar o cumprimento da lei de retirada de biomasa e asumirá a limpeza de vías municipais ou de fincas, con cargo aos que non limpen.



# O Nadal combinou cultura, deporte e turismo

O Concello preparou unha programación de Nadal para toda a familia, combinando clásicos como cabalgatas con cultura e turismo.

A programación de Nadal estivo chea de propostas para toda a familia, como a cabalgata ou as recepcións de Papá Noel ou os Reis Magos, que se combinaron con actividades deportivas, culturais e turísticas.

Entre o catálogo de actos, que comezou o 16 de decembro cunha visita á iluminación de Vigo, e continuou con eventos deportivos como a exhibición de ximnasia, torneos de minibasket e balonmán ou xornadas multideporte. No eido cultural, celebráronse contacontos, un poboado de Nadal e as actividades favoritas dos nenos: as visitas dos Reis Magos e de Papá Noel, que percorreron o municipio.



Foto da Familia Real Máxica que visitou Miño



Poboado de Nadal

## Un Nadal mellor para 37 familias vulnerables de Miño

O Concello quixo que o Nadal fose o mellor posible para toda a veciñanza. Por iso fixo entrega especial de alimentos a 37 familias en risco de exclusión social.



Os nenos pasaron unha gran xornada na visita dos Reis Magos





# Un Samaín para pasalo de medo en Costa Miño

A veciñanza voltou inundar de terror e moita troula a urbanización con múltiples actividades para todos os públicos

**C**osta Miño volveu ser novamente este ano o epicentro dos festexos de Samaín na localidade grazas ás múltiples actividades coas que tanto os máis pequenos como os maiores animaron unha das noites máis terroríficas e singulares de toda a comarca.

A iniciativa, creada polos residentes e apoiada polo Concello desde 2019, incluíu numerosas propostas como o concerto da agrupación The Nunzias, a entrega de premios aos fogares decorados de xeito máis terrorífico e ás mellores actuacións da xente que acudiu disfrazada ao festexo.





# Antón Crestar conecta Miño con Uruguai

**A mostra 'Miñenses en Uruguai. Homenaxe a Antón Crestar' recuperou a figura deste veciño emigrado**

O 15 de decembro foi o acto de presentación da mostra 'Miñenses en Uruguai. Homenaxe a Antón Crestar', coa presenza do alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, do director xeral de Emigración, Antonio Rodríguez, e do cónsul de Uruguai, Ramiro Rodríguez.

Faraldo destacou no acto de inauguración que "considerabamos un acto de xustiza con Antón Crestar poñer en valor a súa figura e dala a coñecer entre a veciñanza actual, así como lembrar unha parte da historia da emigración do pobo, neste caso ao Uruguai. "É de salientar a colaboración das familias que aportaron as súas lembranzas desinteresadamente e sen as que esta mostra non sería tan rica e próxima".

A mostra estivo conformada por imaxes e obxectos da historia das veciñas e veciños de Miño na súa estada en Uruguai, así como obra e documentación de Antón Crestar, veciño do municipio e un dos grandes expoñentes da emigración galega en Uruguai no século XX. A exposición foi preparada coa colaboración do Consello da Cultura Galega, despois dun

traballo de investigación e documentación dirixido pola comisaria da exposición, Pilar Cagiao. A colección pasará a formar parte do arquivo do Consello da Cultura Galega.

Antón Crestar Faraldo naceu en Telle en 1896 e sendo menor de idade emigrou a Uruguai, onde se asentou. En Montevideo foi un dos fundadores da Irmandade Galeguista de Uruguai. Ademais, foi o promotor de que unha das escolas públicas de Montevideo levase o nome de Galicia, e integrou diferentes xuntas directivas do asociacionismo histórico galego na mesma cidade. Crestar estudou na Escola Nacional de Belas Artes e dedicou a súa vida profesional a diferentes expresións da cultura. Foi galardoado co premio Vieira de Prata e en 1982 nomeado fillo predilecto de Miño, un ano antes do seu pasamento aos 87 anos.



Dúas comunidades unidas



Presentación da mostra no centro social da Rúa



Obxectos da veciñanza emigrada ao Uruguai



Parte do público asistente á exposición



Documentación que integra a mostra



Asistentes observan fotografías da emigración



# Firme aposta pola promoción do deporte e da cultura

**Inclúise por vez primeira no 2023 unha nova serie de axudas dirixida a deportistas individuais de Miño**

O goberno local deulle continuidade

á súa aposta polo apoio á cultura e ao deporte e deportistas locais a través dunha nova convocatoria de subvencións para a realización de actividades e investimentos nestes eidos.

A principal novidade foi a posta en marcha dunha liña de axudas dirixida a deportistas individuais, sendo un apoio para os custos que implican os desprazamentos, licenzas federativas ou equipacións, entre outros gastos.

No referente ás axudas culturais, as subvencións tiveron por finalidade dinamizar a actividade xuvenil nas parroquias a través da

organización de actividades de lecer, charlas ou cursos. Outros obxectivos foron a promoción de diferentes actividades educativas, a realización de iniciativas dirixidas á promoción da igualdade e a integración de persoas maiores e con discapacidade. Tamén o fomento de artes plásticas, audiovisuais ou escénicas a través de certames, mostras ou concertos e a promoción de actividades formativas e feiras comerciais.

No ámbito das asociacións deportivas, a bolsa de subvencións lanzada partiu co afán de promocionar a práctica da actividade física e o coidado da saúde, mediante competicións deportivas, conferencias ou cursos. Ademais, tamén se poden usar para sufragar pequenas obras ou melloras de infraestruturas e dotación de equipamentos necesarios para o desenvolvemento das actividades.

## Conciliación e deporte para as vacacións escolares



Baloncesto no pavillón



Xadrez no centro social da Rúa

Durante as vacacións escolares de Semana Santa o Concello organizou o programa 'Vacacións en movemento', un campamento de conciliación e deporte

dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos. Os participantes comezaban o día no centro social da Rúa e logo pasaban a practicar deportes variados no pavillón.


## As Xornadas Micolóxicas difundiron información sobre os fungos e ofreceron unha alternativa de lecer saudable

O Concello promoveu ao longo do mes de novembro unha nova edición das xornadas micolóxicas, consistentes nunha serie de saídas que incluíron un roteiro polos espazos naturais da localidade na procura de fungos co obxectivo de identificar as variedades aptas para o consumo e do mesmo xeito poder descartar aquelas especies tóxicas ou carentes de valor culinario.

Ao remate das diferentes andainas realizáronse xantares de confraternización entre os asistentes no que cada participante aportou comida.



Pola Fraga do Xarío



Pola Senda dos Sentidos



# Ao redor de 300 atletas participaron no III Trail Concello de Miño 'Boucelo-San Ramón'

**Felipe Corral e Lidia Cardamas foron os gañadores na categoría Máster e Adrián López e Miriam Tojeiro en Sénior.**

A terceira edición do Trail Concello de Miño 'Boucelo-San Ramón' congregou na localidade un total de 263 deportistas para participar nas tres modalidades que integraron a proba.

A competición, organizada polo Concello e o Club Trail Running Galea organizouse nunha carreira de longa distancia, 23,2 quilómetros; unha de curta distancia, de 13,3 quilómetros; e unha andaina cun percorrido de 12,6 quilómetros.

Os vencedores na modalidade absoluta foron Felipe Corral e Lidia Cardamas, mentres que Adrián López e Miriam Tojeiro se impuxeron en Sénior. Juan Vázquez

Amado foi recoñecido tamén cun trofeo por ser o primeiro deportista censado en Miño en cruzar a liña de meta.

Ademais, este ano a asociación 'querENDO, mulleres

con endometriose' formou parte novamente da carreira co obxectivo de visibilizar a doenza, polo que os fondos do dorsal 0 se destinaron íntegramente á entidade.



Corredores durante a proba

## A Praia Grande foi o epicentro do mellor kaiak de mar



Piraguistas durante o transcurso da proba

O 'Memorial Agustín Rivera', do CDN Miño, congregou un ano máis no litoral miñense a centos de padexeiros para participar nunha das probas que integran o campionato galego desta disciplina.

Foron un total de 16 clubs os que encheron de kaiaks a Praia Grande nunha competición na que o deporte local estivo representado a través do CDN Miño que rematou nun meritorio terceiro posto.

## Éxito total na primeira edición da festa do fútbol base

A promoción do deporte entre os máis pequenos é un dos valores máis importantes que se deben transmitir dentro de calquera sociedade. Baixo esta premisa, o Concello está a desenvolver, de xeito continuo, unha serie de iniciativas e actividades que permitan aos nenos e nenas do municipio practicar os deportes que máis lles gustan ou coñecer disciplinas que aínda non probaran.

O último exemplo foi o do

primeiro 'Torneo de Fútbol Base Concello de Miño', que xuntou, durante a fin de semana do 23 e 24 de marzo, no pavillón municipal, a: Escola Municipal de Miño, Escola Municipal Irimon, Troula FS, Pontedeume FS, Orillamar Mencer e Alborada FS. Un éxito total, tanto na pista como nas bancadas, onde se viviu un ambiente moi deportivo e san entre as afeccións dos diferentes equipos.



Todos os participantes recibiron unha camiseta



# Partido solidario para axudar na rehabilitación da casa de Sombreu afectada por un incendio

**No encontro disputado entre a Selección Galega e o AD Miño recadáronse, en total, 3.325 euros**

O campo municipal de Gallamonde viviu unha xornada moi especial coa disputa dun amistoso entre a AD Miño e a Selección Galega UEFA que serviu para recadar un total de 3.325 euros, entre entradas e rifas, para a rehabilitación da casa de Sombreu afectada por un incendio no mes de outubro do ano 2022.

Esa recadación foi depositada pola concelleira de Servizos Sociais, Yolanda Bello, e o vicepresidente da AD Miño, Alberto López, na conta aberta polo Concello para centralizar os donativos (Número de conta: ES58 2080 0087 7431 1000 0104) e na que, quen o desexa, aínda pode seguir realizando aportacións.

Isto foi posible grazas ás máis de 400 persoas que presenciaron o encontro, que finalizou cun resultado de 0-2 a favor do combinado

autonómico. No descanso realizáronse diferentes sorteos, entre os que se atopaba unha cesta con varios produtos e a camiseta da Selección Galega, e tamén se levou a cabo un intercambio de detalles entre as institucións, no que participaron o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, o vicepresidente da Federación Galega de Fútbol, Pablo Prieto, o delegado federativo en Ferrol, Abraham Yáñez, e o vicepresidente do AD Miño, Alberto López.



Depósito da recadación



Público en Gallamonde



Momento do partido



Presentación institucional



# "Nuestra ruta cabalar bate su récord de asistencia cada año: en esta llegamos a 250 participantes"

**Yolanda Tenreiro e Cristina Ares forman parte da directiva da Sociedade Cabalar Miñense dende 2016 para dar continuidade a unha asociación que naceu en 2007 ao redor dos cabalos**

**A** Sociedade Cabalar Miñense é "muy familiar", tal e como definen dúas das súas responsables, Yolanda Tenreiro e Cristina Ares. Esta asociación naceu en xuño de 2007 e Yolanda e Cristina están á fronte hai uns oito anos, ao ver que a anterior directiva, "estaba formada por gente muy mayor y ya no podían organizar muchas de las cosas". Elas, que participaron deses eventos durante anos, non quixeron deixar que a asociación se perdese e foi o que as motivou a conformar a directiva actual, na que están con Jélica Vázquez.

O principal cometido desta asociación como explica Yolanda "es organizar las rutas cabalares de Miño y participar de otras celebraciones, como rutas y romerías, que se celebran en la zona". Precisamente, así resume a actividade da asociación: "Ir a rutas, participar de eventos y organizar los nuestros".

## Ruta cabalar de Miño

A organización das recoñecidas rutas a cabalo polo concello de Miño é a principal actividade da sociedade, un evento "que tiene mucho trabajo por detrás", o que, en ocasións, provoca problemas para compaxinar os traballos de cada unha, as vidas persoais e a dedicación á asociación. Son elas as que se encargan de limpar e sinalizar todo o itinerario, que, como conta Yolanda, "trata de pasar por los puntos más representativos del concello para enseñárselo a toda la gente que viene desde otros lugares de Galicia a mostrarnos su apoyo participando de la actividad". Subliña que "una de nuestras zonas favoritas para pasar es el tramo del Camino Inglés de Santiago que pasa por Miño, aunque también pasamos por otras zonas como playas".

O certo é que cada vez son máis os que se achegan ata Miño a participar deste evento. Cristina explica que "cuando empezamos a organizarlas no seríamos más de 50 participantes y, en esta última edición, celebrada

el 23 de marzo, volvimos a batir nuestro récord de participación con más de 250 personas y cerca de 150 caballos".

Porque xa non só as persoas amantes dos cabalos as que acoden a esta celebración. "Hay muchos vecinos que se acercan hasta la comida y se quedan a escuchar al grupo de música. Siempre hay muy buen ambiente y por eso cada vez somos más", explican.

"Lo más bonito para nosotras es ver todos los comentarios de apoyo que recibimos a través de nuestras redes sociales. Siempre se llenan de mensajes de apoyo y de lo bien que se lo han pasado. Es muy gratificante", afirman ambas directivas.

Ademais, o compromiso con outras asociacións tamén é moi importante, xa que "nos apoyamos mucho entre nosotros. Si una asociación viene a nuestra ruta, tratamos de ir nosotros

a las que ellos organizan para apoyarles también. Adquirimos un compromiso".

## Un socio moi especial

Se hai un socio que vive con especial ilusión os días de ruta é Paco Vázquez. Aos seus 101 anos non quixo perder a oportunidade de asistir un ano máis e "vino a la comida y se lo pasó en grande. Siempre va a ver la salida y a pasar revista a todos y cada uno de los caballos que participan. Para él es el evento del año", explican Cristina e Yolanda.

Malia todo o traballo e "sacrificio de tiempo de ocio" das súas directivas, queda Sociedade Cabalar Miñense para tempo, pois "la ilusión se mantiene pese a que los años pasen".



**Yolanda Tenreiro e Cristina Ares**



# Merecido recoñecemento ao deporte local

A segunda edición da gala 'Premios do Deporte de Miño' puxo en valor o bo facer no 2023 dos conxuntos e deportistas locais

O Concello recoñeceu no mes de decembro o labor que os equipos, deportistas e asociacións do municipio desenvolveron ao longo do ano pasado. Tanto representantes do deporte local como as súas familias ateigaron o centro social da Rúa nun acto no que o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, o edil de Deportes, José Manuel Pantín e a atleta Rosa Sierra foron os responsables de entregar uns premios que recoñecen os méritos das persoas e entidades que contribúen a través do seu exemplo a práctica deportiva no municipio.



**Mellor equipo masculino**  
AD Miño, categoría sénior.

**Mellor equipo feminino**  
Kaiak de mar CDN Miño.

**Mellor deportista promesa**  
Candela Aboy Fernández.

**Mellor deportista masculino**  
Juan Vázquez Amado.

**Mellor deportista feminina**  
Noa Calvo Enríquez.

**Á traxectoria deportiva**  
Sebastián Gómez Domínguez.

**Mellor adestrador**  
Roberto García Mellid.

**Mellor evento deportivo**  
IV Regata de Kaiak de Mar  
Concello de Miño.

**Deportividade e valores  
deportivos**  
Deportistas e familias do  
CDN Miño.

**Mellor club**  
A.D Miño.

**Mencións especiais**  
Fernando Canedo Martínez.  
Emma Seijas Otero.  
Asociación Deportiva Xarío.

